



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS EN FAVOR DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO (FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA), PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE ADAPTACIÓN DE DOCUMENTOS XUDICIAIS A LECTURA FÁCIL EN 2026

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, D. **Eladio Fernández Pérez**, presidente e representante legal da Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA), en representación desta federación, de conformidade co establecido no artigo 26 dos seus estatutos.

EXPOÑEN

Primeiro. Á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, de conformidade co disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, [polo que se establece a súa estrutura orgánica](#). Unha das súas liñas prioritarias neste senso é o fomento daquelas actividades





que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a dotar de maior exemplaridade as accións da sociedade para que as persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento, así como outros colectivos con dificultades de comprensión lectora, teñan acceso á Administración de Xustiza en igualdade de condicións que o resto dos cidadáns.

Segundo. A Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia), é unha entidade sen ánimo de lucro que conta na actualidade con 41 entidades galegas federadas que prestan servizo a 6.325 persoas con discapacidade intelectual. As entidades de FADEMGA Plena inclusión Galicia están formadas por unha rede de 125 centros nas catro provincias galegas, nas que traballan un total de 1.291 profesionais e contan co apoio de 1.234 voluntarios. FADEMGA ofrece servizos ás persoas a través das súas entidades e ademais dende os programas que se desenvolven dende a propia federación, como son: o programa de "Atención a familias", o programa "Atención integral a persoas con discapacidade intelectual reclusas e ex-reclusas ou sometidas a medidas alternativas", o programa para a "prevención do delito, violencia e discriminación contra persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento", etc.

Terceiro. A Convención dos Dereitos das Persoas con Discapacidade inclúe o dereito de acceso á xustiza no seu artigo 13 e garante o acceso en igualdade de condicións. Tamén prevé a adopción de medidas de accesibilidade, axustes de procedemento e prestación dos apoios necesarios para poder exercer os dereitos en igualdade de condicións. Así mesmo a Lei de accesibilidade de Galicia 10/2014 do 3 de decembro, contempla na súa artigo 34 que as Administracións públicas adaptasen os sistemas de comunicación para facelos accesibles e comprensibles para todas as persoas, empregando a lectura fácil, por ser unha solución de accesibilidade que fai posible que persoas con problemas de comprensión lectora poidan acceder á información.

Cuarto. A discapacidade intelectual implica unha serie de limitacións nas habilidades que a persoa aprende para funcionar na súa vida diaria e que lle permiten responder ante distintas situacións e lugares. Esta discapacidade exprésase na relación coa contorna. Por tanto, depende tanto da propia persoa como das barreiras ou obstáculos





que ten ao redor. Se logramos unha contorna máis fácil e accesible, as persoas con discapacidade intelectual terán menos dificultades, e por iso, a súa discapacidade parecerá menor. Ás persoas con discapacidade intelectual cústalles máis aprender, comprender e comunicarse, e en particular, presentan maiores dificultades para entender o proceso xudicial e o seu resultado, debido ás barreiras cognitivas e estruturais que presenta a xustiza. Coa finalidade de paliar esta situación, a FADEMGA está a desenvolver o proxecto "Adaptación de documentos xudiciais a lectura fácil que afectan a persoas con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou con dificultades de comprensión lectora", co que pretende mellorar o acceso á xustiza destes colectivos.

Quinto. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e máis a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena inclusión Galicia) queren impulsar novos xeitos de colaboración que posibiliten o acceso á Xustiza en Galicia ás persoas con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou con dificultades de comprensión lectora, a través do programa "Adaptación de documentos xudiciais a lectura fácil", de modo que calquera órgano ou servizo xudicial de Galicia que tramite un procedemento que afecte a unha persoa con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou con dificultades de comprensión lectora, pode solicitar á FADEMGA Plena inclusión Galicia a adaptación da documentación.

Os técnicos de FADEMGA Plena inclusión Galicia adaptan o documento a lectura fácil, e unha vez adaptado, un grupo de persoas con discapacidade intelectual validan devandito documento para garantir a súa comprensión.

Sexto. Conforme ó establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena inclusión Galicia) é a única federación que realiza na súa zona xeográfica actividades específicas para o achegamento da Xustiza ás persoas con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento así como outros colectivos con dificultades de comprensión lectora.





Sétimo. A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

En consecuencia, ao abeiro do exposto, e no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto deste convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia) para a implantación por esta dun proxecto de adaptación de documentos xudiciais a lectura fácil para persoas con discapacidade intelectual, do desenvolvemento e con dificultades de comprensión lectora. En particular, o obxecto deste convenio consiste no apoio financeiro á FADEMGA para que esta poida desenvolver o seu proxecto denominado "Adaptación de documentos á lectura fácil".

Así, calquera órgano ou servizo xudicial de Galicia que tramite un procedemento que afecte a una persoa con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou con dificultades de comprensión lectora, poderá solicitar a adaptación a lectura fácil da documentación de referencia.

Segunda. Obrigas da FADEMGA.

A Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena inclusión Galicia) comprométese a:

1. Realizar as actividades previstas no proxecto que se recolle neste convenio. A dotación de persoal dedicada a estes fins estará sometida ás directrices e ordes da Federación, e o dito persoal non terá relación laboral coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.





2. Difundir a existencia do seu proxecto de actividades, informando aos profesionais da Administración de Xustiza en Galicia das posibilidades de apoio que supón para os órganos xudiciais.
3. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.
4. Poñer á disposición da autoridade xudicial, cando así sexa solicitado por esta, información relativa aos posibles destinatarios do uso.
5. Difundir o contido das actividades desenvolvidas pola FADEMGA relacionadas co teor do presente convenio, mediante a realización de actuacións informativas, seminarios e xornadas técnicas.
6. Achegar á Administración autonómica, cando lle sexa solicitada, información sobre as actividades realizadas.
7. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de conformidade coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Dar axeitada publicidade ao carácter público do financiamento das actuacións obxecto do presente convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como observar as demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

9. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

10. As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, co Regulamento xeral de protección de datos e demais disposicións vixentes sobre a materia.

11. Informar á Dirección Xeral de Xustiza do grado de execución do presente convenio trimestralmente e, en todo caso, cando estea executado o 75% da cantidade máxima do convenio.

Terceira. Procedemento de actuación para a adecuación dos documentos a lectura fácil.

Os traballos consistirán en adaptar a Lectura fácil a documentación xudicial que afecte ás persoas con discapacidade intelectual, do desenvolvemento ou con dificultades de comprensión lectora. A lectura fácil é un método que recolle un conxunto de pautas e recomendación relativas á redacción de textos, deseño e maquetaxe de documentos e a validación da comprensibilidade dos mesmos, destinado a facer accesible a información ás persoas con dificultades de comprensión lectora.

As adaptacións a lectura fácil terán un carácter informativo sen valor legal.

Os traballos realizaranse segundo os criterios que establece a Norma UNE 153101.- Lectura Fácil. Pautas e recomendacións para la elaboración de documentos.

Os traballos consistirán en adaptación e validación, que son dúas fases do mesmo proceso.





- a) **Adaptación:** é a actividade pola que se adecúa un documento a Lectura Fácil.

A adaptación da documentación iníciase tras solicitude recibida por correo electrónico por parte dun órgano xudicial. O correo electrónico deste proxecto é accesibilidade@fademga.org

A adaptación levarase a cabo por parte dunha adaptadora, tendo en conta ademais as pautas e recomendacións referidas a deseño e maquetaxe.

Recolleranse as indicacións do órgano xudicial de consenso co proxecto de adaptación, se fose necesario.

Organízase a información e tomanse decisións sobre os datos analizados en función do obxectivo do documento e da persoa destinataria.

Elabórase un borrador de documento en lectura fácil.

Se procede, comprobarase co Maxistrado ou Letrado da Administración de Xustiza que o borrador se axusta ao propósito do documento orixinal.

Trasládase ao dinamizador da validación o borrador en lectura fácil sen datos persoais e as indicacións do órgano xudicial.

- b) **Validación:** é o proceso guiado de avaliación da comprensibilidade dun documento en lectura fácil, que debe realizarse por persoas con dificultades de comprensión lectora similares ás dos usuarios finais do documento.

A validación realízase a partir do borrador do documento en lectura fácil, polo menos con 3 persoas validadoras como mínimo, con dificultades de comprensión lectora. Neste caso as persoas validadoras serán persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

O profesional dinamizador recibe o borrador do documento en lectura fácil sen datos persoais e planifica a sesión ou sesións de validación necesarias. Cada sesión de validación dura unha media de 3 a 4 horas.

O dinamizador dirixe a sesión e os validadores realizan as achegas necesarias que se incorporarán ao borrador e se confirmarán cos validadores.





Cuarta. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, colaborará na realización das actuacións a que se refire a cláusula primeira deste convenio achegando a cantidade máxima de 25.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 (código de proxecto 2015 00102) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, que será aboada do seguinte xeito:

- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará á FADEMGA con douscentos cincuenta euros (250,00 €) por cada servizo de adaptación e validación realizado, incrementándose ata un 25% o prezo nos supostos de especial complexidade.

Considerarase supostos de especial complexidade, entre outros, aqueles procedementos nos que haxa catro ou máis persoas como intervintes, procedementos inhibidos ou aqueles outros que, polas características da persoa beneficiaria ou da materia do procedemento, estean xustificadas documentalmente.

- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará á FADEMGA polas actividades de difusión e publicidade realizadas cunha cantidade de douscentos setenta euros (270,00 €).
- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará os gastos en que incorra a FADEMGA polos gastos derivados da xestión do proxecto para facer as adaptacións ou validacións, cunha cantidade máxima de tres mil seiscentos cincuenta euros (3.650,00 €). Para o abono desta partida será preciso presentar as facturas dos gastos correspondentes.

Quinta. Xustificación e libramento de fondos.

Para proceder ao pagamento servizos prestados, FADEMGA deberá presentar ante a Dirección Xeral correspondente a seguinte documentación xustificativa:

- ❖ **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación do total das actividades realizadas, identificación de cada procedemento por clase, número e tribunal de instancia, xustificación dos procedementos de especial





complexidade, resultados obtidos e os datos e incidencias máis salientables na súa execución.

- ❖ **Certificación** asinada electronicamente polo/a Letrado/a da Administración de Xustiza do órgano xudicial competente ou do/a Fiscal, no seu caso, da prestación de cada servizo.
- ❖ **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, na que se relacionen os gastos realizados os importes e datas de realización.
- ❖ **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- ❖ **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.
- ❖ **Xustificación dos gastos realizados en cada pagamento:** orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro do período comprendido entre a data de sinatura do convenio e a data límite de xustificación.
- ❖ **Xustificación dos pagamentos efectuados en cada pagamento parcial:** transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento comprendido entre a data de sinatura do convenio e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- ❖ **Certificación expedida pola entidade bancaria** da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento, na que conste a razón social e CIF, así como o código de banco, código de sucursal, díxito control e código de conta corrente.





- ❖ No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- ❖ **Calquera outra documentación ou material** que a federación considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado por FADEMGA Plena inclusión Galicia, que servirán de referencia para a determinación final do importe da subvención, calculando este como unha porcentaxe do custo final da actividade. O pago realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que debe alcanzar dita achega respecto do custo total, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrada en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que superase o custo total da actividade.

No caso de que se produza un exceso das subvencións percibidas de distintas administracións públicas, a FADEMGA deberá reintegrar o exceso e mais os xuros de mora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrera FADEMGA Plena inclusión Galicia como consecuencia da realización de actuacións acordos co





obxecto de convenio e que se efectuaran con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **21 de decembro de 2026**.

A achega económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos seguintes:

1.- Pagamentos anticipados:

Trala sinatura do presente convenio e previa petición da federación, a Dirección Xeral de Xustiza concederá un anticipo de ata un 10% da subvención concedida, de acordo co establecido no artigo 63 Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11, letra d), da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009.
- Declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro de acordo co establecido no artigo 10.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2.- Pagamentos a conta:

Así mesmo poderán realizarse pagamentos parciais, a pedimento da FADEMGA, á conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade xustifique debidamente os gastos e os pagos realizados, ata acadar xunto cos pagamentos anticipados o 80% da subvención concedida

3.- Resto pagamentos:





O 20% restante farase efectivo unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa do gasto realizado.

Dado que o crédito orzamentario desta subvención corresponde ao Capítulo IV do orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e que a Federación Galega de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA) é unha institución sen ánimo de lucro, a citada Federación queda exonerada da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se o importe do anticipo xunto cos importes dos pagamentos a conta, unha vez comprobada a documentación xustificativa aportada pola federación, resultase superior ao importe da contía da subvención efectivamente xustificada, calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade, iniciárase o corresponde procedemento de reintegro pola cantidade pagada en exceso, segundo o establecido no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Sexta. Gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2026 e a data límite de xustificación**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Quedan como excepción deste prazo límite de xustificación á nómina do mes de decembro, así como as obrigas tributarias e coa Seguridade Social dos meses comprendidos no período de execución do convenio, que non se poidan facer efectivos antes da data de presentación da xustificación, e que se considerarán subvencionables de ser efectivamente pagados.

Cando formen parte da conta xustificativa a nómina de decembro, os ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de





xustificación, o importe destes pagamentos, ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflicta o seu importe.

Os custos indirectos -tales como axudas de custo, viaxes ou consumibles- formarán parte da xustificación da subvención, sempre que sexan imputados por FADEMGA Plena inclusión Galicia á actividade subvencionada e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, e con data de **xustificación comprendida entre o 1 de xaneiro de 2026 e a data límite de xustificación.**

Sétima. *Compatibilidade con outras axuda.*

De acordo co disposto no artigo 40.1.d), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Oitava. *Publicidade.*

En toda difusión ou publicidade que xere a realización das actividades recolleitas no presente convenio, farase referencia expresa á colaboración levada a cabo entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e mais FADEMGA Plena inclusión Galicia, incluíndose a imaxe corporativa de ambas as dúas institucións.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Novena. *Seguimento do convenio.*





Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará integrada por 4 membros, designados por cada parte firmante:

- Dúas persoas por parte da Administración de Xustiza da Xunta de Galicia:

A persoa que ostente a dirección da Dirección xeral de Xustiza, que ostentará a presidencia e terá voto dirimente.

A persoa que ocupe o posto da subdirección xeral de medios da Administración de Xustiza, que actuará como secretaria.

- Dúas persoas por parte da FADEMGA.

Reunirase como mínimo unha vez ao ano e facultativamente cando se considere necesario, a petición dalgunha das partes.

A comisión rexerase, en canto ao seu funcionamento, periodicidade das reunións e vinculación dos seus acordos polo disposto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que regula o funcionamento dos órganos colexiados.

Décima. *Vixencia do convenio.*

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá o 31 de decembro de 2026.

Décimo primeira. *Modificacións e resolución do convenio.*

1. Conforme o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

A FADEMGA poderá solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación no orzamento inicial presentado, sempre que as actuacións estean comprendidas dentro do obxecto do convenio establecido na cláusula primeira e que o importe total do orzamento total non varíe. As solicitudes de modificacións do convenio deberán estar suficiente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao director xeral de





Xustiza, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Así mesmo, o presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a través da subscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas autoridades que asinan este, se as partes consideran necesaria introducir modificacións no convenio, motivadas pola necesidade de dotar unha maior achega económica ao mesmo e, en todo caso, se as dispoñibilidades orzamentarias da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes así o permiten.

2.- O presente convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.

De se resolver o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda -illada ou en concorrencia con subvencións e axudas, ingresos ou recursos- supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo segunda. *Natureza do convenio.*

O presente convenio ten natureza administrativa. As discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, precedendo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que poida xurdir na súa aplicación.

Décimo terceira. *Normativa aplicable.*





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

FADEMGA



Xacobeo  2027

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e mais no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, é asinado polas partes comparecentes no lugar e data que se indican no encabezamento.

O Conselleiro de Presidencia, Xustiza
e Deportes

O Presidente da Federación Galega
de Asociacións en favor das
Persoas con Discapacidade
Intellectual ou do Desenvolvemento
(FADEMGA)

Diego Calvo Pouso

Eladio Fernández Pérez

